

# GALERÍA MULLERES

outubro 2017



Na Biblioteca do Concello de Muxía podes atopar:

**Pato, Chus.** “Nínive”

“Charenton”

“Hordas de escritura”

**Varias.** “Daquelas que cantan”

## Chus Pato

### **Escritora (Ourense, 1955)**

**Chus Pato é unha das figuras fundamentais da poesía galega actual.** Publicou os seus primeiros poemas na revista Escrita (1984). Mostras da súa obra poética figuran en diversas revistas de ámbito nacional, estatal e internacional e en numerosos libros colectivos.

A súa obra caracterízase pola súa radicalidade, o exercicio dunha experimentación demoledora dos discursos e lugares comúns herdados. A autora crea unha escritura desbordante na que non están ausentes os contidos xenéricos e relativos á nación.

O compromiso de Chus Pato coa realidade contemporánea levouna a involucrase de forma directa na vida política e cultural galega, foi unha das fundadoras de ERGA (estudantes revolucionarios galegos) mítica organización antifranquista, militou na UPG (unión do pobo galego) e xa en tempos máis recentes é cabeza de lista habitual da FPG (fronte popular galega) pola provincia de Ourense, pertence tamén a RREE (redes escarlatas) e a outras organizacións de índole literario como o PEN Club ou a AELG.

Profesionalmente é profesora de Ensino Secundario (Xeografía e Historia) no IES Ramón María Aller Ulloa de Lalín (Pontevedra)

**No 2009 recibe o Premio da Crítica da poesía galega 2008 pola súa obra *Hordas de escritura*.**

**En 2017 ingresa como membro de número da Real Academia Galega, facendo no seu discurso de ingreso unha reivindicación da presenza feminina na RAG.**



**BIBLIOTECA  
DA  
MULLER**

CONCELLO DE MUXÍA

